

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións

BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SOCIO SANITARIOS E DA XUVENTUDE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2017

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, DE 27 DE XANEIRO DE 2017, POLO QUE SE APROBAN AS BASES DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA ACTUACIONES NO ÁMBITO DOS SERVIZOS SOCIAIS, SOCIO SANITARIOS E DA XUVENTUDE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2017

BDNS(Identif.):331524

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na base de datos nacional de: <http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>

1. Entidades beneficiarias

Poderán obter a condición de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro que realicen as súas actividades de acordo co establecido na cláusula segunda e reúnan, ao rematar o prazo de presentación de solicitudes, os requisitos establecidos na cláusula cuarta.

2. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto destas bases é regular a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para realizaren actividades na área dos servizos sociais, socio sanitarios e da xuventude na provincia de Pontevedra no ano 2017, dentro dos niveis de actuación que se establecen na LSSG.

3. Bases reguladoras

Bases de subvencions aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de 27 de xaneiro de 2017; bases de execución do orzamento provincial para o ano 2017; Lei 38/2003, xeral de subvencions; Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencions; e demais lexislación de aplicación.



4. Contía

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 17/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2017, ascende a 490.950,00 euros. A contía máxima da subvención que pode percibir cada entidade non poderá exceder d os seis mil (6.000,00) euros.

5. Prazo de presentación

O prazo para presentar as solicitudes empezará o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e finalizará no prazo dun mes natural.

6. Outros datos de interese

— *Solicitudes e documentación*: cada entidade poderá presentar unha solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base novena. O feito de non presentar a memoria explicativa e detallada do proxecto ou da actividade para a que se solicita a subvención, xunto coa solicitude, no prazo establecido na base décima, constituirá un defecto non emendable e comportará a inadmisión a trámite da solicitude

— *Procedemento de concesión*: concorrencia competitiva

— *Gastos subvencionables*: os relacionados coa actividade para a que se solicita a subvención atendendo ao establecido na cláusula terceira

— *Criterios de valoración*: os establecidos na base décimo primeira da convocatoria—
Compatibilidade: si

— *Forma de xustificación*: mediante a documentación requirida na base décimo cuarta da convocatoria

— *Forma de pagamento*: transferencia

— *Prazo máximo de xustificación*: 31 de xaneiro de 2018 (incluído)

Pontevedra, 02/02/2017.—A Presidenta, M.^a del Carmen Silva Rego.

